



<p><b>Sres. Asistentes:</b> <b>Sr. Alcalde:</b> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo. <b>Sres. Concelleiros:</b> D<sup>a</sup> MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. ALMA BEATRIZA BARRON FERRO. D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO D<sup>a</sup> OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D. JOSE MANUEL CENDAN FERNANDEZ. D<sup>a</sup> MARIA MERCEDES GRANDE REGUEIRO. D. JUAN MANUEL SIXTO GALIANO D<sup>a</sup> JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D. EMILIO MESIAS FARIAS. D. ANGEL MIGUEL FERNANDEZ PERMUY. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ.  SR. SECRETARIO.: D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e dezaseis minutos do d3a treceo de xaneiro de dous mil doce, previa convocatoria e citaci3n 3 efecto, re3nese o concello Pleno en sesi3n extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o 3 desta Corporaci3n D. Manuel Larrosa Rodr3guez.</p> <p>Aberta a sesi3n pola Presidencia entrase no estudio e discusi3n dos asuntos incluídos na Orde do D3a, adopt3ndose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
---	---

**PUNTO NÚM. 1 TOMA DE POSESI3N COMO CONCELEIRA DESTA CORPORACI3N DE D.ALMA BEATRIZ BARRON FERRO.-**

Toma a palabra o Sr. Alcalde, manifestando que damos comenzo 3 Pleno de hoxe dando lectura da notificaci3n da Sra. D<sup>a</sup> Alma Beatriz Barr3n Ferro, que conforme 3 disposto nos artigos 46 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do R3xime Local e 79 do R.D. 2568/1986 de 28 de novembro polo que ase aproba o Regulamento de Organizaci3n Funcionamento e R3xime Xur3dico das Corporaci3ns Locais, queda convocada a sesi3n extraordinaria deste Concello por ter que resolver importantes asuntos que non poden espera-la celebraci3n da seguinte sesi3n ordinaria, e que o d3a de hoxe 13 de xaneiro de 2012 as 10,00 horas tratar3 a toma de posesi3n como Concelleira desta Corporaci3n a Vde., e en consecuencia est3 Presidencia invita 3 Sra. Concelleira electa a que expo3na neste acto se lle afecta algunha causa de incompatibilidade sobrevida con posterioridade a s3a proclamaci3n.

Resposta a Sra. Barr3n Ferro, que non.

Toma a palabra o Sr. Secretario, para a solemnidade formal do acto: Nos termos do artigo 108.8 da Lei Org3nica 5/1985 de 19 de xu3no do R3xime Electoral Xeral, no momento de tomar posesi3n e para adquirir a cantidata electa debe xurar ou prometer, acatamento 3 Constituci3n as3 como complementar os dem3is requesitos previstos nas Leis, ou regulamentos respectivos.

A Concelleiro electa formulou as declaraci3ns referidas no artigo 75.7 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do R3xime Local, modificada pola Lei 8/2007, de 8 de maio do



Solo, redacción recollida no Texto Refundido RDL 2/2008 de 20 de xuño disposición Adicional 9ª.3, comprensiva de bens patrimoniais, de actividades, e liquidacións do IRPF, e no seu caso patrimonio e sociedades.

Acto seguinte polo procedese o acto de Xuramento ou Promesa.

**SR. ALCALDE: ¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleira con lealtade ao Rei, gardar e facer garda-la Constitución como Norma fundamental do Estado?.**

Sra. Barrón Ferro: **Si prometo.**

**Sr. Alcalde:** Trátase dunha sesión extraordinaria na que toma posesión do cargo de Concelleiro unha veciña, pero loxicamente non podemos esquecer que é en substitución dun compañeiro que nons acompañou moito tempo, eu rogaría os presentes se poden poñer de pé para gardar un minuto de silencio.

Moitas grazas podemos volver a sentarnos.

E agora vamos a proceder a abrir un turno de intervencións, onde os distintos portavoces o igual que o persoal do Concello pois poden loxicamente dirixir unha verbas en recordo do veciño e amigo Pepe Ferreiro.

Toma a palabra o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán: En primeiro lugar, grazas e bos días, gustaríame en primeiro lugar darlle a benvinda a nova Concelleira e desexar sorte, e sobre acerto na nova tarefa, na nova responsabilidade que partires de hoxe vas a ter nesta Corporación. Hoxe como xa dixo o Sr. Alcalde é un día especial, porque estamos coa toma de posesión dun Concelleiro e pola perda irreperable doutra persoa que durante os últimos anos nos estaba acompañando, é a primeira vez que polo menos eu sendo membro desta Corporación, que falece un Concelleiro estando en activo dentro da Corporación, o cal fai máis difícil a situación e poder expresar todo o dor que ten un con palabras, e sobre todo hoxe é un día deses, neste Pleno Extraordinario onde vamos a rendir un pequeno homenaxe, noso testimonio quero mostrar tamén noso dor pola perda sempre irreperable, do noso compañeiro Pepe, e sobre todo darlle a viuva a e súa filla noso apoio e solidariedade, e o mesmo tempo anhelar unha pronta recuperación, aun sabendo que nestas circunstancias tan desgraciadas para eles, seguramente que non van a superar xamais, polo menos desexarlle tanto a viuva como á filla desexar que o leven da millor maneira posible porque eu creo que é o menos que lle podemos desexar nun momento como estos, eu pola miña parte non quero extender moito máis a intervención simplemente mostrar noso dor aquí pola perda irreperable xa para sempre de noso compañeiro Pepe, grazas.

Interven o Voceiro do BNG Sr. Mesías Farias: Bo día todos e a todas, no pasado mes o día do seu falecemento nos xa trasladamos o noso pesar, tanto a súa familia a súa muller Viri



como a súa filla, e o Voceiro do Grupo Socialista, tanto desde o punto vista persoal como do punto de vista da Organización, para que así lle dera traslado a súa organización. Nos non tivemos ocasión de tratar con él, e si tiveron ocasión de tratar os anteriores Concelleiros do BNG na pasada lexislatura, e concelleiros que tamén lle trasladaron o seu pesar á familia, e ademáis había unha relación de coincidencia de amizade. Si tiven ocasión de coincidir con el, e que Pepe máis eu, coincidimos oficio, en vertentes diferentes, eu no ámbito da docencia e el xa máis concreto no da interpretación tocando nos grupos e ademáis recordo como Pepe foi o meu primeiro profesor, de solfexo e de acordeón, o primeiro ano que eu estudiei asistín as súas clases particulares na súa casa, polo tanto queda no meu recordo, eses primeiros anos, ese primeiro ano de contacto coa música e as clases e queda tamén no recordo, a súa vertente digamos máis persoal no tocante á música nón, os recordos permanecen e polo tanto as fotos e os videos de Pepe tocando e participando en agrupacións musicais pois sempre estarán hai, debemos de recordar á xente como o caso de Pepe, de Ares de toda a vida, xente coa que compartimos algo, temos que pasar páxina e dar a benvinda a Alma, a quen tamén lle desexamos sorte e acertos, na súa labor.

Toma a labor o voceiro do Partido Popular, Sr. Manuel Cendán: Vos días a todos, en primeiro lugar darlle a benvinda a nova Concelleira, dicir que é a primeira vez que vai a participar como representante do pobo, e que a experiencia xa verás que se pasaran vos e malos momentos, tamén, pero hai que loitar e se vai a traballar polo benestar de todos os Aresanos, en segundo lugar dicir que con respecto á morte de Pepe dicir que é lamentable que unha persoa no mellor da vida que nos teña que deixar e ademáis cando é a primeira vez que se da este caso, no Concello de Ares, dun Concelleiro electo, pois pasa este proceso, creo que despois de pasar a enfermidade e despois de pasar moito loitando por salvarse, bastantes casos non se collen a tempo e o caso de Pepe foi un, e creo que despois de pasar un proceso de enfermidade, sabemos que o tratamento que ten que soportar é inhumano, pois chegar o desenlace tan malo, eu creo que á familia darlle o noso apoio, dicir que estamos aquí que en calquer situación que se pode encontrar que ten un apoio de toda a corporación, e que hai que mirar para adelante e que esto sigue é que a vida é así, unhas veces uns se morren máis xovenes e outras máis vellos, cando se nace un xa empeza a morrer, está é a situación aínda que tiñamos que pasar, uns momentos bastante difíciles, xente que tiña uns compañeiros, ou que tiñamos algún parentesco como era meu caso, creo que hai que tirar para adiante que a vida, sigue e que hai que ir olvidando estas cousas, e que dar animos a todos, e en concreto a familia que é a que máis ten que soportar esta situación, pola miña parte nada máis e moitas grazas.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista Sr. Fernández Lago, manifesta que quere dar as grazas os tres grupos por estas mostras que tedes co noso compañeiro, para nos para a familia Socialista foi unha perda irreparable, que intentaremos entre todos superala, a verdade que as palabras me faltan porque o recordo de Pepe vai a continuar con nos durante moitos anos, e nada máis que é unha gran tristura para todos, e que nos intentaremos



superalo pouco a pouco, e de novo grazas a todos, tanto en nome da familia, e en nome do Grupo Socialista.

Interven o Sr. Secretario Xeral: En nome de todos os compañeiros manifestar a nosa condolencia pola morte de Pepe e estamos convencidos de que Pepe desde o ceo sexa Deus, Mahoma ou Buda, nos estará vendo e estará descansando, foi mais que un Concelleiro un compañeiro . E Alma benvida e sorte.

Finalmente o Sr. Alcalde: Benvida Alma, e na xunta de voceiros que tivemos preparatorio deste Pleno xa lle comunicamos ó resto da Corporación, a nova redistribución de tarefas, e Comisións que impón a reincorporación dun novo Concelleiro, Pepe levaba unha Concelleria moi importante que era obras, despois por razón loxicamente da súa situación José Juan botoulle unha man moi importante de apoio ó traballo que lle correspondía a Pepe, e a incorporación de Alma nos esixe unha redistribución que nunha próxima Xunta de Voceiros, daremos a coñecer a todos os membros da Corporación, porque era o que faltou na anterior reunión. Pepe era amigo meu desde neno, foi o primeiro rapaz que coñecin cando cheguei a Ares, eu cheguei no ano 1972 con 6 anos, e foi o primeiro rapaz que coñecin, ó coñecin evidentemente no Palco, eu vivía no Concello vello, no segundo piso, nunha vivenda que tiña meu pai por ser telegrafista, e el vivía en frente, e non podo dicir de Pepe máis que sempre foi meu amigo, e que ademáis era o meu mellor amigo, o foi toda a vida, houbo momentos en que eu me fun a Santiago, e loxicamente, pois separounos un pouco a vida, nun momento onde ir a Santiago era ir a pasar toda toda a semana incluso duas non se viña todos os días porque non había autopista, o bus tardaba casi hora e media e costaba mil pesetas, en consecuencia, pois incluso neses momentos onde a miña vida discurreu por outros itinerarios, nunca perdín o contacto, sempre foi a persoa coa que tiven liña, e desde logo co móvil xa era total, esta claro que a telefonía móvil facilitou moitísimo a comunicación, alí onde eu estivera nunha instancia de investigación, día si e día non podía falar cos meus seres queridos, nos que se atopaba loxicamente Pepe. Pepe deume moitas noticias boas, e tamén forma parte do ámbito máis emotivo da propia vida, houbo familiares meus que morreron que me enterei porque Pepe era o primeiro en chamarme. Me acordo facendo unha instancia en Italia, morreu meu tío José, acababa de morrer, e efectivamente xa estaba Pepe preocupado se eu coñecía o feito ou non, pero bueno é unha anécdota, de miles que loxicamente teño con el, para fin foi todo e na última lexislatura, que foi a miña primeira de Alcalde, pois foi moitísimo máis que un Concelleiro, foi o amigo quye sempre me acompañou, que aguantou todo o que implica unha amizade, e dende logo eu perdín o meu millor amigo, e está claro que efectivamente tiña 47 anos, eso é o que nos doe, todo o que loxicamente queda por facer, porque unha persoa vai na súa idade e moitas veces damos unha bendición, porque as condicións de vida moitas veces, nos últimos tramos da nosa vida, pois son dolorosas, porque estas encamado, tes problemas, tes oitenta e pico anos, que agalla todos cheguemos a eles, pero sempre dicimos que vai no seu tempo, e sen embargo Pepe todos sabemos que non lle tocaba, non foi no seu tempo, e bueno o que nos pasaría a todos nos, deixa unha muller e unha nena que aínda ten que cursar



# *CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)*

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

estudios universitarios con todo o que implica loxicamente hoxe, en consecuencia, desde a Corporación tomarei a palabra de todos vos de efectivamente axudar, e transmitirlle a familia a nosa disposición, e por suposto o recordo que sei que todos temos, non só era amigo, meu era amigo de Sixto, e era amigo de todos, pero sei que tamén Sixto tiña unha relación de moitos anos con el, porque compartiron o mellor da xuventude, e Pepe era un veciño do pobo que estaba medito en todo, estaba a zoca, o que representou para os rapaces de aquela época.

E non tendo mais asuntos que tratar sendo as dez horas e trinta e seis minutos polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario fou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,